



OCUPACIÓN HOTELEIRA

Análise nos destinos urbanos de Galicia

Acumulado a maio 2021

DESTINOS URBANOS DE GALICIA

Acum. Maio 2021

	A Coruña	Ferrol	Santiago	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo
Viaxeiros aloxados	53.198	7.521	42.287	22.375	24.440	11.655	55.305
Noites	130.153	34.735	97.833	37.828	38.148	24.640	127.282
Var. Int. Viax. 21/20	-22,5%	-25,3%	-48,3%	-17,5%	-3,5%	-14,5%	-2,7%
Var. Int. Noites 21/20	-17,0%	60,8%	-38,3%	-17,5%	-10,4%	-1,6%	1,5%
Estadía Media	2,45	4,62	2,31	1,69	1,56	2,11	2,30
Var. Int. EM 21/20	7,0%	115,4%	19,4%	0,1%	-7,1%	15,1%	4,4%
% Ocupación	23,94%	35,05%	13,42%	19,49%	20,60%	14,53%	22,87%
Var. Int. Ocupac. 21/20	-13,83	9,02	-14,48	-15,66	-18,13	-8,46	-10,04
Prazas	3.578	655	4.776	1.279	1.221	1.117	3.676
Var. Int. Prazas 21/20	-21,9%	-28,4%	-23,7%	-10,8%	1,1%	-7,2%	-12,4%

Notas


- Nos primeiros cinco meses deste ano 2021 os destinos urbanos de Galicia acumulan certo nivel de demanda froito da recuperación iniciada a partir da finalización do estado de alarma e do período de desescalada posterior á terceira onda da pandemia dos primeiros meses do ano. Desta maneira os datos esconden dinámicas moi dispares –de crise inicial e recuperación posterior- que en todo caso manteñen as posicións relativas de anos anteriores.
- A comparativa interanual, co pasado ano 2020, resulta incompleta pois comparamos cinco meses de datos de 2021 con só tres meses de 2020 –en abril e maio do pasado ano carecemos de cifras de demanda e ocupación a nivel dos destinos urbanos-. En calquera caso, tal como se verá posteriormente, as dinámicas son diferentes en función do destino considerado. A perspectiva temporal inclúe tamén a comparación coas cifras de 2019, previo á pandemia, para observar niveis de recuperación e grao de resiliencia dos destinos.

- Nestes primeiros cinco meses do ano A Coruña e Vigo posiciónanse como os principais destinos urbanos de Galicia, absorbindo o 26,5% do total urbano a primeira –con pouco máis de 130 mil noites- e o 25,9% a segunda –con algo máis de 127 mil noites-. Ambas agrupan a máis da metade das noites hoteleiras das cidades de Galicia. Sitúase a continuación Santiago, con preto de 98 mil noites –destino que tradicionalmente absorbía a maior parte da demanda da comunidade-.
- No lado contrario, con preto de 25 mil noites –o 5,0% do total dos destinos urbanos- sitúase a cidade de Pontevedra.
- En termos dinámicos obsérvase neste período disparidade de comportamento. Ata o momento a maior parte deles fican con niveis inferiores aos do ano pasado –aínda computando dous meses máis- mais aprécianse dúas excepcións, isto é, dúas cidades que conseguen superar as cifras dos primeiros cinco meses de 2020. Son Ferrol –que presenta unha forte suba do 61%- e Vigo –destino que supera en apenas o 1,5% o nivel de demanda do pasado ano-. Ambos incrementos proveñen en esencia de melloras da estadia media nun contexto no que a cifra de viaxeiros aloxados continúa por debaixo dos valores de 2020.
- As restantes cinco cidades continúan con niveis de demanda inferiores aos do pasado ano, con caídas suaves, case imperceptibles, en Pontevedra e máis acusada en Santiago –destino que sufriu en maior medida as consecuencias negativas da pandemia-. Rexistra un descenso neste caso do 38%.
- A pesar destas diferenzas todos os destinos urbanos fican aínda lonxe dos niveis previos á crise agás no caso de Ferrol que curiosamente neste ano xa supera a cifra de 2019, nun 5%. A recuperación é lenta pero comezou a dar os primeiros pasos agora desde abril aproximadamente. Santiago é a cidade que presenta a recuperación máis lenta, rexistrando neste ano o 20% da demanda do mesmo período de 2019. Os restantes destinos recuperan con maior intensidade mais todos fican por debaixo do 50% do volume acadado antes da crise.
- O turismo nacional –no que predomina esencialmente aquel de ámbito interno- é maioritario en todas as cidades, en porcentaxes que van do 72% en Ferrol ao 94% en Lugo. Neste ano 2021, cando menos nos primeiros cinco meses, o turismo internacional apenas ten presenza na nosa comunidade e, en consecuencia, nos destinos urbanos. Lugo é neste sentido a cidade con menor peso deste segmento.
- En termos dinámicos apréciase mellor comportamento relativo do turismo nacional fronte ao internacional en todas as cidades de Galicia, sendo que ambos presentan caídas xeneralizadas. As excepcións veñen da man do mercado nacional en Ferrol, Pontevedra e Vigo –que presentan melloras respecto do observado no pasado ano- e do turismo internacional en Ferrol tamén –único destino onde este segmento sobe en termos interanuais-. Así pois, a cidade de Ferrol consolídase como auténtica excepción á dinámica global de caída da demanda nos destinos urbanos de Galicia.
- A estadia media varía nas diferentes cidades da comunidade marcando o valor máis elevado Ferrol con 4,6 noites. Catro destinos sitúanse por encima das dúas noites –A Coruña, Santiago, Pontevedra e Vigo- mentres que os dous restantes fican por debaixo das dúas noites –Lugo e Ourense, destino este último que marca a cifra máis baixa con 1,6 noites-.
- A capacidade de recuperación dos destinos urbanos apréciase ben no lado da oferta de aloxamento. Neste sentido todas as cidades –agás Ourense- rexistran niveis de oferta inferiores aos do pasado ano, isto é, o volume de prazas dispoñible fica por debaixo dos valores medios do mesmo período de


2020. As cidades localizadas na provincia de A Coruña son as que presentan menor nivel de recuperación polo lado da oferta presentando neste ano menos do 80% das prazas de 2020. Nos restantes destinos o volume de oferta achégase máis aos valores do pasado ano sendo Ourense o destino que mellor recupera esta parte pois sitúase un 1% por encima do nivel dos primeiros cinco meses de 2020.

- A comparación co período previo á crise amosa igualmente un nivel de oferta inferior. É dicir, os destinos urbanos de Galicia fican aínda algo lonxe da situación anterior á pandemia se ben aprécianse diferenzas de comportamento. Neste sentido a cidade que mellor está a recuperar a “normalidade” neste ámbito é Ourense –oferta agora practicamente o 97% das prazas que tiña en 2019-. A recuperación é practicamente total na cidade das Burgas. Fican máis lonxe dos niveis previos á crise A Coruña e Santiago –pois ofertan agora entono ao 70% das prazas de 2019-.
- O nivel de ocupación dos hotels e pensións das cidades de Galicia varía en sentido parello ao da demanda –por unha maior intensidade da evolución fronte ás variacións da oferta-. Así, descende en todos os destinos urbanos agás en Ferrol –onde se aprecia unha mellora insólita neste momento de nove puntos porcentuais-.
- Os niveis de ocupación descenden en máis de oito puntos en Pontevedra, en dez puntos en Vigo e en máis de dez puntos nas restantes cidades, sendo Ourense o destino que presenta o peor comportamento en termos relativos –a caída supera levemente os 18 puntos porcentuais-.
- Obviamente en todas as cidades os niveis de ocupación fican aínda lonxe das cifras que se rexistraban antes da pandemia, en 2019.
- As tarifas hoteleiras superan os 50 euros de media en catro cidades –A Coruña, Santiago, Ourense e Vigo- mentres que fica por debaixo dos 40 euros en Lugo –o INE non ofrece datos para Ferrol e Pontevedra-.
- O menor nivel de demanda leva a caídas importantes da rendibilidade hoteleira nas cidades de Galicia. Os niveis finais son baixos pero en todo caso máis elevados en A Coruña, Ourense e Vigo –sitúanse no contorno dos 15 euros de ingreso medio por habitación dispoñible- que nas restantes cidades – o RevPAR hoteleiro cae a 11 euros en Lugo e a 7,5 euros en Santiago, destino que rexistra o peor dato nestes primeiros cinco meses do ano-.


Demanda hoteleira nos destinos urbanos de Galicia. Noites, Ac. Maio 2021




Variación da demanda turística nas cidades. Noites Ac. Maio 2021/20




Estadía media hoteleira nas cidades de Galicia. Ac. Maio 2021




Nivel de ocupación e variación interanual. Ac. Maio 2021




Peso dos mercados nacional e internacional. Noites, Ac. Maio 2021



Variación da demanda turística, por procedencia. Noites, Ac. Maio 2021/20



ADR hoteleiro nos destinos urbanos. Ac. Maio 2021



RevPAR hoteleiro nos destinos urbanos. Ac. Maio 2021

